



CONCELLO DE TORDOIA ( A Coruña )  
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005  
[www.servizos.sociais@tordoia.gal](http://www.servizos.sociais@tordoia.gal)

## BANDO

Don **ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde do Concello  
de **TORDOIA (A Coruña)**

### FAI SABER:

Que está aberto o prazo para solicitar a participación no  
Programa **XUNTOS POLO NADAL 2018**



A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade organiza este programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores de 60 anos, que se atopen soas nestas datas, xa sexa por carencia de familiares ou amigos, perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

**Destino:** Residencia de Tempo Libre de **Panxón**, en Nigrán (Pontevedra), para as persoas solicitantes das provincias de **A Coruña**.

#### Datas e servizos

Este programa vaise desenvolver entre o **23 de decembro de 2018 e o de xaneiro de 2019**, e comprende os seguintes servizos:

- Estancia na residencia durante 16 días (15 noites).
- Aloxamento, en habitacións compartidas, e manutención en réxime de pensión completa.
- Desprazamento en autobús.
- Actividades de animación sociocultural.

A recollida das persoas participantes efectuarase o día **23 de decembro** pola tarde e a volta o día **7 de xaneiro** despois do almorzo.

#### Prezo da praza

As persoas participantes que teñan uns ingresos inferiores ao IPREM (537,84 €/mes), asistirán de forma gratuita ao programa, mentres que aquelas cuns ingresos superiores a dito importe contribuirán ao pagamento da estada coa achega de 50 €.

#### Solicitudes: Servizos Sociais comunitarios

Tlf. Información: 981 690 001 / Tlf. Social 900 333 666 (de balde)

**Prazo de solicitudes: ata o 15 de novembro incluído.**

Tordoia a 26 de outubro de 2017

O alcalde

